

Estimadas familias:

O concello de Teo está a desenvolver actividades de participación infantil co alumnado dos cursos de 6º de Educación Primaria, 1º, 2º e 3º e 4º ESO de todos os centros educativos de Teo, no marco do programa internacional **Cidades Amigas da Infancia**, liderado por UNICEF. Este programa ten como obxectivo principal que as rapazas e rapaces do concello poidan opinar e facer propostas de mellora en relación a problemas e necesidades que lles afectan directamente e que teñen que ver coas decisións que se toman polo goberno municipal. Para canalizar esta participación precisamos que se anoten como representantes nos dous órganos municipais de participación infantil, o *Consello Local de Infancia e Adolescencia (CLIA)*, e o *Foro de Participación Infantil e Adolescente de Teo (FoPIA)*. O primeiro, o CLIA é un órgano de participación veciñal composto por persoal representante das distintas concellerías e grupos políticos municipais, ademais da representación das familias e un número de persoas menores que supera ao de persoas adultas. As súas funcións principais son favorecer a participación activa das nenas, nenos e adolescentes, actuando como interlocutor válido ante as administracións, así como impulsar o cumprimento dos dereitos da infancia a nivel local. Polo que respecta ao FoPIA é un órgano de participación infantil e adolescente conformado exclusivamente por nenas, nenos e adolescentes acompañados nas súas reunións por persoal técnico municipal.

Para o concello, a participación infantil ten que ver cunha estratexia global de participación da cidadanía de Teo, que permitirá ter presente todo aquilo que as persoas adultas non son capaces de ver desde a súa perspectiva. Educar na participación, na elaboración de propostas para a comunidade, na comunicación de intereses, queixas, solucións, axuda ademais a desenvolver actitudes e valores democráticos e de cidadanía, e responsabiliza ao alumnado no respecto, coidado e valorización do seu entorno. Neste curso, seguirán traballando no **dereito á saúde e a un medio ambiente saudable**.

É por iso, que necesitamos da colaboración das familias para que animen ás súas fillas e fillos para implicarse nesta iniciativa, intercambiando información sobre o falado na clase, facendo propostas concretas ou animándolles a participar directamente no CLIA e no FoPIA. Neste senso, informámosvos que está previsto que as nenas e os nenos participen no CLIA ao redor de dúas veces por curso lectivo. **Polo que respecta ao FoPIA as xuntanzas serán os primeiros luns de cada mes**. O FoPIA terá a súa primeira sesión o **luns 8 de novembro ás 17,00h.** e servirá para preparar a sesión do **CLIA**, que terá lugar o **luns 22 de novembro**. As sesións celebraranse no Salón de Plenos do concello de Teo.

Para anotarse no FoPIA debes cumprimentar o formulario que se xunta no reverso desta folla e envialo por correo electrónico a evalopez@teo.gal, ou entregalo no centro educativo. Calquera dúbida podedes contactar no teléfono 630504106.

Atentamente,

Ignacio Iglesias Villar
Concelleiro de Benestar, Persoal e Deportes

Teo, 18 de outubro de 2021.

AUTORIZACIÓN ASISTENCIA ACTIVIDADES FOPIA E CLIA PROGRAMA CIDADES AMIGAS DA INFANCIA

Don/Dona.....con DNI.....
pai/nai/titor-a legal de....., teléfonos de
contacto, correo electrónico

Correo electrónico da alumna/o:

- Si, dou o meu consentimento
- Non dou o meu consentimento

para que o/a meu/miña fillo/filla participe nas reunións do programa Ciudades Amigas da Infancia da UNICEF.

En....., a.....de de 2021.
Sinatura do pai, nai ou titor/a legal

Manifesto acordo coa **CLÁUSULA PROTECCIÓN DE DATOS ASISTENCIA A ACTIVIDADES DO PROGRAMA CIDADES AMIGAS DA INFANCIA**

En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679, do 27 de abril de 2016 e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, o **CONCELLO DE TEO** titular do CIF **P1508300I** domiciliado en **TRAVESÍA DA RAMALLOSA, 38, 15883, TEO, A CORUÑA** con teléfono: **981815700** e correo electrónico: **protecciondedatos@teo.gal**. **Contacto DPO: dpd@teo.gal** infórmalle que tratamos a información que nos facilita coa finalidade de xestionar a participación dos seus fillos/as nas políticas municipais referidas a asuntos relacionados coa infancia dentro do programa Ciudades Amigas da Infancia. Os datos proporcionados conservaranse mentres se manteña a relación ou durante os anos necesarios para cumprir coas obrigas legais. Os datos non se cederán a terceiros sen o previo consentimento do usuario, salvo naqueles casos nos que fora imprescindible para a correcta prestación do servizo (Centros e entidades educativas, UNICEF) ou exista unha obriga legal. Vostede ten dereito a obter información sobre se estamos a tratar os seus datos persoais, polo que pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, portabilidade de datos e oposición e limitación ao seu tratamento na dirección postal **TRAVESÍA DA RAMALLOSA, 38, 15883, TEO, A CORUÑA** ou na dirección de correo electrónico **protecciondedatos@teo.gal**, achegando copia do seu DNI ou documento equivalente. Con todo, terá dereito a presentar unha reclamación ante a autoridade de control, se considera que o tratamento de datos persoais que lle concerne infrinxe a normativa de aplicación.

AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DE IMAXES DE MENORES

En _____, a ____ de _____ de 20__

Coa inclusión das novas tecnoloxías dentro das comunicacións, publicacións e accións pedagóxicas que pode realizar o **CONCELLO DE TEO** titular do CIF **P1508300I** domiciliado en **TRAVESÍA DA RAMALLOSA, 38, 15883, TEO, A CORUÑA** con teléfono: **981815700** e correo electrónico: **protecciondedatos@teo.gal**. **Contacto DPO: dpd@teo.gal**, no marco do **Programa Ciudades Amigas da Infancia** e tendo en conta a posibilidade de que nas actividades programadas poidan realizarse vídeos ou fotografías dos seus fillos/as durante a realización das mesmas, e dado que o dereito á propia imaxe está recoñecido no artigo 18 da Constitución e regulado pola Lei 1/1982, do 5 de maio, sobre o dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de Decembro, o **CONCELLO DE TEO** pide o consentimento aos pais, nais ou titores legais para poder archivar ou publicar as imaxes que con carácter pedagóxico se poidan realizar aos nenos e nenas, nas cales aparezan individualmente ou en grupo nas diferentes actividades realizadas dentro e fóra dos centros educativos.

Don/Dona _____ con DNI _____ como
pai/nai ou titor do menor

Autorizo ao **CONCELLO DE TEO** ao tratamento das imaxes realizadas en relación coas actividades escolares e extraescolares promovidas polo Concello dentro do **Programa Ciudades Amigas da Infancia de UNICEF** para poder ser arquivadas e publicadas:

- Páxina web e blogue do Concello.
SI NON
- Perfís en redes sociais do Concello
SI NON
- Filmacións destinadas a difusión comercial.
SI NON
- Fotografías para revistas ou publicacións (carteis, trípticos, etc) de ámbito relacionado co noso sector.
SI NON

Os datos proporcionados conservaranse mentres se manteña a relación ou durante os anos necesarios para cumprir coas obrigas legais. Os datos non se cederán a terceiros sen o previo consentimento do usuario, salvo naqueles casos nos que for imprescindible para a correcta prestación do servizo ou exista unha obriga legal. Vostede ten dereito a obter información sobre se estamos a tratar os seus datos persoais, polo que pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade de datos e oposición e limitación ao seu tratamento na dirección postal **TRAVESÍA DA RAMALLOSA, 38, 15883, TEO, A CORUÑA** ou na dirección de correo electrónico **protecciondedatos@teo.gal**, achegando copia do seu DNI ou documento equivalente. Con todo, terá dereito a presentar unha reclamación #ante a autoridade de control, se considera que o tratamento de datos persoais que lle concerne infrinxe a normativa de aplicación.

Asinado: